

Entrega de premios do IV Concurso de Proxectos Empresariais Innovadores

Universidade de Santiago de Compostela

Data e lugar: 17 de marzo ás 12.15 no Salón Rectoral

Preside o acto: Senén Barro Ameneiro, Rector de USC

Asisten:

- Elena Vázquez Cendón, Vicerrectora de Estudiantes da USC
- Manuel González Torres, Director Xeral de Promoción do Emprego
- Pedro Merino Gómez, Director Xeral de Investigación e Desenvolvemento
- Carlos Hernández Sande, Director Xerente do Centro de Innovación e Transferencia de Tecnoloxía da USC
- Gustavo Marcos Cancelas, Xerente de UNINOVA

RELACIÓN DE PREMIADOS

▪ PRIMEIRO PREMIO: “Loroestudio”

PROMOTORES: MANUEL REY VARELA (Estudiante da Facultade de Bioloxía da USC)
ROSA MARÍA BEREJA MONTERO (Enxeñeira Técnica Naval pola UDC)

Descrición: LOROESTUDIO S.L. desenvolverá animacións, programación e aplicacións en Flash e XHTML para wireless (telefonía móbil 2.5G e 3G, Pocket PC) e televisión interactiva ,así como webs tradicionais.

Os clientes obxectivo en wireless serán fundamentalmente operadoras de telefonía móbil e outros provedores de contidos na área do ocio e o entretememento. Polo que se refire a Internet móbil,serán medianas e grandes empresas privadas que desexen ter unha nova canle de vendas e reforzar a súa imaxe comercial para os que se elaborarán webs para internet móbil con XHTML e posteriormente en Flash, así como pequenos contratos puntuais con organismos públicos. No ámbito da televisión interactiva, os produtos de Loroestudio dirixiranse tanto cara as axencias de publicidade por un lado,para os que se desenvolverán anuncios interactivos, coma cara outros provedores tecnolóxicos e de contidos con ampla experiencia neste sector.

A vantaxe competitiva principal de Loroestudio e ser os primeiros en achegar aplicacións en Flash e XHTML para móbiles, algo moi pouco explotado a nivel mundial, e totalmente innovador no ámbito nacional que proporcionaralle se-los primeiros en proporcionar contidos para estas plataformas ,tendo en conta os contratos e contactos xa realizados.

Premio: 6.000 €

▪ **SEGUNDO PREMIO: “Wirelessgalicia Soluciones Inalámbricas”**

PROMOTORES: XURXO CEGARRA GONZÁLEZ (Licenciado en Física pola USC)
ANTONIO ÁLVAREZ PÉRZ (Licenciado en Física pola USC)

Descrición: O proxecto empresarial Wirelessgalicia ten como obxectivo proporcionar solucións de acceso inalámbrico a empresas, institucións e particulares así como o desenvolvemento e implantación de novos servizos de valor engadido baseados nas tecnoloxías WI-FI e a través de satélite, comezando a comercializa-los productos que cumpren co recentemente creado estándar IEEE802.11g, tecnoloxía que emprega a banda ISM (2,4 GHz) de uso público e con importantes melloras con respecto ó seu predecesor IEEE802.11b.

Wirelessgalicia pretende converterse no referente galego en canto o desenvolvemento e implantación de solucións baseadas na familia de estándares IEEE802.11x, achegando o uso e disfrute destas tecnoloxías á poboación galega participando en feiras e convencións do sector (MITE , Galicia TIC ,e-Gallaecia...) impartindo seminarios, organizando coloquios, creando grupos de noticias e boletíns a través da súa páxina web, organizando foros, etc.

Premio: 3.000 €

▪ **TERCEIRO PREMIO: “Mr Misto Films”**

PROMOTORES: XOAN X. MARIÑO RUBIO (Licenciado en Dereito pola UVIGO)
MIKEL FUENTES VICENTE (Lic. Comunic. Audiovisual por U. País Vasco)
IAGO RODRÍGUEZ VÁZQUEZ (Enxeñeiro informático por Univ. A. De Nebrija)
FÁTIMA SERRANO RODRÍGUEZ (Licenciada en Dereito pola UVIGO)

Descrición: Unha novedosa proposta empresarial de ocio e de difusión cultural no eido do sector audiovisual galego, que se ampara nunha viabilidade máis que asumible e necesaria para o desenvolvemento do sector audiovisual en Galicia.

Mr Misto Films pretende achegar o mundo audiovisual a todo tipo de públicos ,en diferentes espazos e centros de ocio través dun circuíto (Rede Galega de Cinema Alternativo) de proxeccións espallado por toda a xeografía galega. Tamén tentará ofrecer ó mercado productos tradicionalmente pouco comercializados en salas de exhibición dos que destaca a Curtametraxe.

Mr Misto Films contará cun catálogo suficientemente amplo de pezas audiovisuais e tentará facer paquetes temáticos por xénero ou mesmo por nacionalidade das pezas, ou paquetes específicos por idades.

Premio: 1.500 €

▪ **CUARTO PREMIO: “Centro de Higiene Industrial, C.H.I., S.L.”**

PROMOTORES: MONSERRAT CARBALLIDO BREA (Doutoranda en Química pola USC)
ALEJANDRO DELGADO ALONSO (Doutorando en Química pola USC)

Descrición: O proxecto consiste na creación dun Centro de Hixiene Industrial que constaría de dúas seccións ben diferenciadas ,a sección de consultoría e a sección de laboratorio.O desenvolvemento do mesmo realizarase en etapas ó longo de 5 anos. Durante o primeiro ano crearíanse os servicios de Auditoría en prevención de Riscos, o Servicio de Prevención Alleo (SPA) e a Investigación de Accidentes/Incidentes. Xa que para conseguí-la acreditación ENAC é necesario un mínimo de seis meses dende o inicio da actividade, no segundo ano obteríase a acreditación do Laboratorio de Hixiene Industrial o que permitiría a venda dese servicio a empresas externas.A obrigação legal de realizar verificacións e calibracións anuais dos aparellos de medición de contaminantes físicos propiciará que no segundo ano impleméntese o laboratorio coa creación dunha unidade de Calibración Acústica e de Calibración de Acelerómetros que obtería a acreditación ENAC no terceiro ano (non hai ningunha entidade acreditada nesta última actividade en España ,e so hai tres de acústica). Por último, no quinto ano crearíase unha unidade de I+D no laboratorio.

Premio: 1.500 €

▪ **QUINTO PREMIO: “ZÉTESIS”**

PROMOTORES: M^a PILAR RODRÍGUEZ SUÁREZ (Doutora en Xeografía e Historia pola USC)
MERCEDES VÁZQUEZ BERTOMEU(Doutora en Xeografía e Historia por USC)
FÁTIMA DÍEZ PLATAS (Doutora en Filoloxía Clásica pola USC)
MAR LLINARES GARCÍA (Doutora en Xeografía e Historia pola USC)

Descrición: Este proxecto conta coa experiencia profesional das súas promotoras, que o aproveitarán para a elaboración de informes de carácter histórico, artístico, documental e etnográfico, orientados á creación e posta en valor de novos coñecementos susceptibles de aproveitamento social. Zétesis busca converterse na resposta á crecente demanda existente neste campo.

Tamén inclúe dentro do proxecto empresarial ofrecer ós clientes servicios de xestión de información (“records management”) de creación de contidos multimedia e apoio e asesoramento na preparación e tramitación e axudas aos produtos que ofrecen.

Premio: 1.500 €